

**ORDE POLA QUE SE ESTABLECE A NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA DOS EXPEDIENTES DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA**

No DOG do pasado 4 de setembro publicouse a Orde do 31 de xullo de 2015 pola que se establece a notificación electrónica dos expedientes de asistencia xurídica gratuíta.

No ámbito das xestións da asistencia xurídica gratuíta, esta orde instaúra o sistema de notificación electrónica denominado “**Notific@**”, que pasa a substituír o sistema tradicional de comunicacións postais certificadas, coas mesmas garantías legais, de seguridade e confidencialidade.

A entrada en vigor desta orde comporta **a obriga** para as entidades e os letrados da quenda de oficio **de se dar de alta no dito sistema electrónico**.

Segundo o texto desta disposición, os colexios de avogados e procuradores de Galicia, así como **os profesionais da avogacía e da procuradoría que estean incluídos nas quendas de oficio dispoñen dun prazo de 30 días**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG, **para formalizaren a alta no sistema Notific@**, ao que se poderá acceder a través do portal eXustiza por medio do carné colexial con certificado electrónico.

Os colexiados da quenda de oficio que aínda non dispoñan do carné con sinatura electrónica deberán solicitala o antes posible na secretaría do colexio.

Achégase unha pequena **guía en PDF sobre como realizar a alta** no portal eXustiza. Tamén se achega o texto íntegro da orde en PDF.

Para calquera dúbida ou aclaración, poderedes contactar con Carlos Polo (981 572 373) ou con Manuel Arza (981 581 713).